Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Pedras

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Penedo das Ferraduras

No Penedo das Ferraduras de Santa Baia de Vences, concello de Monterrei (Ourense) hai un tesouro, ou polo menos sábese que o buscaron seguindo as instruccións do Libro de San Cipriano.

Este penedo está a medio camiño entre a Casa do Frade, ou Penedo da Horta, e o monte de San Agustín e ten á vista as pegadas que deixou alí o cabalo dun frade. A explicación é que o frade dicíalles misa ós mouros dacabalo no Penedo da Horta e logo dirxíase á capela que hai no monte de San Agustín, facendo parada para descansar no Penedo das Ferraduras.

Outros din que as pegadas non son do cabalo do frade; que son do de Santiago cando lles axudou ós de Vences a loitar contra os franceses.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

TABOADA, J., «Insculturas de herradura en la comarca del Támega», en Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Orense, XV, fasc. III, 1946.

Bibliografía:

APARICIO CASADO, Buenaventura, Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos. Mitología popular gallega, Cadernos do Seminario de Sargadelos, 80, Edicións do Castro, Sada, 1999.